



A ÁREA SANITARIA DE VIGO CONTINÚA DESENVOLVENDO PROXECTOS DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL

- *A representante da organización europea Health Care Without Harm visitou o Álvaro Cunqueiro onde puido comprobar os seus eficientes e ecolóxicos sistemas enerxéticos*
- *A Área Sanitaria conta cun Plan de Xestión Avanzada e Ecolóxica para a correcta clasificación dos residuos e o seu posterior tratamento*
- *Neste momento o hospital ten en marcha un novo proxecto de redución de plásticos nas unidades de hospitalización*

Vigo, 19 de abril de 2022. A Área Sanitaria de Vigo continúa desenvolvendo proxectos e iniciativas orientadas a implantar a circularidade nos seus procedementos e garantir así unha sanidade pública máis sostible e respectuosa co medio ambiente.

Neste contexto, recibíuse a visita da representante da organización europea *Health Care Without Harm*, Anna Fuhrmann, que ofreceu un relatorio sobre as liñas de actuación europeas neste eido, e puido comprobar in situ as instalacións e sistemas enerxéticos de alta eficiencia do Álvaro Cunqueiro, entre elas a planta de enerxía solar con 750 paneis fotovoltaicos e as caldeiras de biomasa, que producen máis do 50% da enerxía térmica anual.



Cómpre lembrar que este hospital é un referente no conxunto do Sistema Nacional de Saúde polo seu compromiso medioambiental, xa que é o primeiro edificio sanitario recoñecido pola prestixiosa certificación internacional "Bream Es", que acredita as



edificacións máis esixentes en materia de sustentabilidade, eficiencia enerxética e respecto polo medio.

Novo proxecto, hospital sen plásticos

Neste senso, vense de por en marcha un proxecto para impulsar a recollida selectiva de plásticos nas Unidades de Hospitalización no marco da estratexia europea "*Hacia una sanidad libre de plásticos*". Así, no último ano acadouse recoller 89.169 quilos de plásticos, o que supón un 650% máis que hai 5 anos.

Segundo explica o coordinador do Comité de sustentabilidade ambiental da Área Sanitaria de Vigo, Xoan Hermelo, "esta é unha das propostas de redución de impacto ambiental que forman parte do proxecto de sostibilidade medioambiental da Área Sanitaria de Vigo. Desde hai anos estamos desenvolvendo un proceso transformador cara a un sistema sanitario sostible para ser máis eficientes. Neste senso, a importancia da recollida selectiva inhospitalaria dos residuos é fundamental e temos que seguir aplicando as estratexias de redución, reutilización e reciclaxe que nos permitan chegar a ser un sistema sanitario ecolóxico".

Plan de Xestión Avanzada e Ecolóxica

A organización sanitaria viguesa desenvolve un *Plan de Xestión Avanzada e Ecolóxica* que ten por finalidade a correcta clasificación dos residuos, o que facilita o seu posterior tratamento, de xeito que papel, cartón ou plástico poidan ser reciclados con garantías; e só se eliminan con procedementos especiais aqueles realmente perigosos ou tóxicos que puidesen entrañar riscos para a saúde pública ou medioambientais, como son os biocontaminados, os citostáticos e restos de químicos.

Para levar a cabo este Plan, todas as Unidades contan con contedores específicos de recollida para a reciclaxe segregada de plástico, papel e outros, e con instrucións técnicas nas que se detallan as normas a seguir para evitar que estes residuos chegue ao vertedoiro.

Os hospitais do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo dispoñen de locais específicos para o almacenamento dos residuos. O 75% dos mesmos son xerados no hospital máis grande, no Álvaro Cunqueiro, que dispón dunha gran nave, exclusiva para o almacenamento e xestión de residuos, que conta con dúas compactadoras e diversos contedores para os diferentes tipos de residuos.

3 millóns de quilos de residuos anuais

Os residuos sanitarios clasifícanse en dous grandes grupos: os residuos sanitarios non perigosos e os perigosos.

Os Non perigosos poden ser os *Domésticos* (Clase I) - aqueles xerados nos centros sanitarios similares aos producidos nos fogares- e os Non Domésticos (Clase II), que



son os resultantes da actividade sanitaria diferentes aos producidos nos fogares. Nestas clases engóbanse o papel, cartón, cinza, aceite vexetal, composta, plástico, tecidos, vidro, etcétera...

Os residuos sanitarios Perigosos requiren un sistema de recollida e xestión específico así como procedementos especiais para a súa eliminación. Dentro dos perigosos hai varios subgrupos. Os *Biocontaminados* (Clase III), cunha xestión diferenciada tanto no interior dos centros como no exterior en todas as etapas da xestión. Trátase de residuos que debido á súa contaminación con axentes patóxenos ou por conter altas concentracións de microorganismos supoñen un potencial risco para as persoas que entren en contacto con eles.

Outros subgrupos son os *Citostáticos* (Clase IV) e *Químicos* (Clase V) como as augas de laboratorio, disolventes, restos informáticos, reactivos e restos de medicamentos, baterías, etcétera.

O Chuvi produciu o pasado ano 3 millóns de quilos de residuos, dos que aproximadamente 2,3 millóns (80%) son Non perigosos, e 506.513 (20%) son Perigosos. Neste ultimo grupo cabe subliñar os 404.769 quilos de residuos biocontaminados e 101.744 citostáticos e químicos.